

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 20.04.2017      Hora: 16:00

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de abril de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas**

- 1.1            5789 (10/POC-001013)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a materialización do acordo parlamentario referido ao impulso da creación dunha consulta especializada de enfermaría oncolóxica no Hospital da Costa, de Burela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 1.2            5851 (10/POC-001023)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis  
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para ampliar a escola pública infantil do concello de Arzúa e adaptar a oferta á demanda de prazas existente, así como as razóns para non incluír na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 unha partida orzamentaria para a execución das obras e o seu equipamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 1.3            6037 (10/POC-001051)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a información da Consellería de Sanidade en relación coas denuncias dos profesionais do Centro de Saúde de Laracha referidas a posibles e continuos abusos do sistema público de saúde por parte da dirección dun fogar residencial de carácter privado e con ánimo de lucro, a comprobación da veracidade da información publicitaria da páxina web do centro e as actuacións previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017*
- 1.4            6467 (10/POC-001126)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da actual situación de saturación e dificultade asistencial existente no Servizo de Saúde Mental da área sanitaria de Ferrol, o prazo previsto para o deseño e posta en marcha dunha estratexia galega para a saúde mental e as actuacións levadas a cabo nese ámbito nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal nos oito últimos anos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*

- 1.5            6632 (10/POC-001153)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva  
Sobre as razóns da supresión da praza de cociñeira e a elección do modelo de cátering para o servizo de comidas do Centro de Día de Boiro, o persoal que se está a encargar del na actualidade e as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do anterior sistema de cociña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
- 1.6            6716 (10/POC-001167)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis  
Sobre as medidas e actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para evitar o abuso dos esteroides anabolizantes andróxenos pola poboación galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
- 1.7            7062 (10/POC-001220)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas irregularidades detectadas nunha residencia para persoas maiores no concello de Pazos de Borbén, e os datos referidos aos expedientes abertos por sobreocupación nos últimos catro anos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 20.04.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 5789(10/POC-001013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a materialización do acordo parlamentario referido ao impulso da creación dunha consulta especializada de enfermaría oncolóxica no Hospital da Costa, de Burela

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/02/2017 11:09  
Nº Rexistro: 5789  
Data envío: 28/02/2017 11:09:11.835

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao acordo de crear unha consulta especializada de enfermaría oncolóxica no Hospital da Costa de Burela.

O Partido Popular incluía na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galiza, na súa sesión do 22 de decembro de 2016, unha proposición non de lei, que foi aprobada, co seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a creación dunha consulta especializada de enfermaría oncolóxica no Hospital da Costa de Burela para complementar a prestación asistencial de novo hospital de día de oncohematoloxía posto en marcha na pasada lexislatura neste centro e que está a contribuír dun modo altamente eficaz á mellora de atención, tratamento e calidade de vida dos enfermos de cancro.»

Segundo a información da que dispón o BNG, dous meses despois de terse tomado este acordo, o persoal do Hospital da Costa nada sabe desta consulta especializada de enfermaría oncolóxica; incluso a Xerencia manifesta que non ten coñecemento da praza mencionada, máis alá do publicado nos medios de comunicación.

O BNG xa mostramos a nosa preocupación porque a iniciativa do Partido Popular respondera máis a un exercicio de propaganda que a unha auténtica realidade, que o que se precisaba era darlle estabilidade ao servizo de oncoloxía creando as prazas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/02/2017 11:09  
**Nº Rexistro: 5789**  
Data envío: 28/02/2017 11:09:11.835

estruturais precisas e rematar coa inestabilidade d@s profesionais que traballan no mesmo.

Polas razóns expostas, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Vai a Xunta de Galiza efectivizar o acordo de “impulsar a creación dunha consulta especializada de enfermaría oncolóxica no Hospital da Costa de Burela”?

-En que data ten previsto facelo?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/02/2017 11:09**  
**Nº Rexistro: 5789**  
Data envío: 28/02/2017 11:09:11.835

**María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2017 10:59:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2017 10:59:31**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2017 10:59:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2017 10:59:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2017 10:59:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2017 10:59:49**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 5851(10/POC-001023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para ampliar a escola pública infantil do concello de Arzúa e adaptar a oferta á demanda de prazas existente, así como as razóns para non incluír na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 unha partida orzamentaria para a execución das obras e o seu equipamento

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e María Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

As escolas infantís son os centros educativos da Rede de Escolas Infantís de Galicia de 0 a 3 anos xestionadas polo Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Trátase dun servizo público de atención á infancia con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.

No proxecto da rede de escolas infantís de Galicia establécese que o cometido principal é o de dotar de escolas infantís públicas todo o territorio galego cos piares básicos de calidade, identidade e compromiso de país. Proxecto que busca superar as desigualdades territoriais e diminuír as diferenzas entre a Galicia urbana e a rural, con presenza en calquera punto do territorio independentemente do tamaño do concello e sen que dependa da disposición política do Goberno municipal ou da capacidade orzamentaria daquel.

O concello da Arzúa conta na actualidade cunha escola infantil da rede pública de escolas infantís de Galicia, A Galiña Azul con tres unidades: unha para nenos e nenas de entre 3 meses e un ano, outra entre 1 e 2 anos e a terceira para nenos e nenas de 2 a 3 anos, con capacidade para 41 postos escolares; capacidade que se queda insuficiente, posto que levan varios anos en que se esgota a matrícula sen dar servizo á demanda real existente e sen que exista outra alternativa.

Por este motivo, moitos pais e nais deste concello ou ben teñen que levar aos seus nenos e nenas a escolas infantís ou puntos de atención á infancia a outros concellos que teñan prazas vacantes, ou ben renunciar a este servizo e resolver a atención dos seus fillos e fillas de entre 0 e 3 anos doutro xeito; que pode ser contando con familiares que poidan desenvolver este coidado ou contratando a



**Grupo Parlamentario**

unha persoa que os coide dentro do propio fogar, alternativas que non están sempre o alcance de todas as familias.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª) Cando vai o Goberno galego atender a demanda deste concello para ampliar a escola infantil e adecuar a oferta á demanda existente?

2ª) Por que non se incluíu nos orzamentos para o 2017, aprobados recentemente, unha partida orzamentaria para facer fronte a esta obra, así como ao seu equipamento?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/02/2017 12:49:17**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 12:49:25**

**Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 12:49:40**

**María Dolores Toja Suárez na data 28/02/2017 12:49:48**

**María Luisa Pierres López na data 28/02/2017 12:49:59**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 6037(10/POC-001051)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información da Consellería de Sanidade en relación coas denuncias dos profesionais do Centro de Saúde de Laracha referidas a posibles e continuos abusos do sistema público de saúde por parte da dirección dun fogar residencial de carácter privado e con ánimo de lucro, a comprobación da veracidade da información publicitaria da páxina web do centro e as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Son numerosas as denuncias dos profesionais do Centro de Saúde da Laracha en relación á situación que viven na atención as persoas que se atopan no Fogar Residencial “Avós Felices”, de carácter privado e con ánimo de lucro.

Este Fogar Residencial, demanda de forma continuada coidados e asistencia sanitaria tanto de forma programada, a demanda, como de forma urxente, que é atendida de xeito exclusivo polo persoal sanitario do SERGAS que traballa no Centro de Saúde de Laracha. Esta asistencia sanitaria é esixida sempre a nivel domiciliario independentemente da situación do usuario do centro. Entre as demandas sanitarias das que se ten que ocupar o persoal, atópanse tarefas como a realización do control de INR, extracción de sangue para análise e recolleita de mostras de ouriños, realización de cambios de sondaxe vesical permanente, realización de curas de úlceras e feridas, colocación de vías intravenosas e administración de medicación endovenosa, campañas de vacinación antigripal...

Segundo consta no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, o Fogar Residencial conta cunha ATS/DUE contratada por 30h/mes. Sen embargo, non se están asumindo ningunha das tarefas de enfermería mencionadas xa que, segundo manifestou o director deste fogar residencial, a lei non lle impón a obriga de facelo.



Ademais do continuo abuso do sistema público de saúde por parte da dirección deste Fogar, estanse a producir unha serie de situación que constitúe unha mala praxe asistencial, que vai dende a falta de prevención e coidados de úlceras por presión, a prevención de caídas e o manexo de pacientes portadores de enfermidades contaxiosas. Estas situación foron postas en coñecemento, tanto do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia como ao Servizo de Inspección Sanitaria, que segundo información recibida polos profesionais na contestación do Servizo de Inspección de menores, non se atopaban incidencias rexistradas, o que resulta totalmente contraditorio tendo en conta a información clínica rexistrada no IANUS do SERGAS, tanto por parte do Centro de Saúde como por parte do CHUAC.

Lamentablemente, a lexislación galega nesta materia, ampara a proliferación no territorio destas condutas abusivas, non sendo a situación dos profesionais do Centro de Saúde de Laracha un caso illado.

Por todo o anterior, e ante a falta de resposta a este problema por parte dos organismos oficiais, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que denuncias lle constan a Consellería en relación con este tema ou outros de similares características?**
  
- 2.ª) Foi comprobada pola Consellería ou o Servizo de Inspección a veracidade da información publicitaria da web deste Fogar Residencial?**
  
- 3.ª) Como é posible que a lexislación actual permita abrir e dirixir este tipo de residencias con persoal sen formación sanitaria, producíndoo un abuso do sistema público de saúde?**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 12:20  
Nº Rexistro: 6037  
Data envío: 03/03/2017 12:20:03.181



**4.ª) Ten pensado a Consellería levar a cabo algún tipo de actuación en relación a este asunto?**

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017.

Asdo: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 03/03/2017 12:18:00**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.4 6467(10/POC-001126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da actual situación de saturación e dificultade asistencial existente no Servizo de Saúde Mental da área sanitaria de Ferrol, o prazo previsto para o deseño e posta en marcha dunha estratexia galega para a saúde mental e as actuacións levadas a cabo nese ámbito nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal nos oito últimos anos

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Manuel Pérez Seco, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As persoas con enfermidades mentais de Ferrolterra, Eume e Ortegal contan, a día de hoxe, cun servizo sanitario que atende as súas doenzas no Hospital Naval de Ferrol. Neste centro hospitalario existe un “hospital de día” que presta servizos en teoría a un máximo de 20 prazas pero que, na realidade, o persoal que o atende se ve desbordado por tanta demanda e realizan un sobre esforzo e na realidade dan cobertura a case 30 doentes.

A capacidade de persoas usuarias ás que se lle pode dar atención neste hospital de día é a todas luces insuficiente, e aboca á poboación usuaria destas amplas comarcas a unha situación de precariedade absoluta en atención á saúde mental. Abonda dicir que neste servizo sanitario só poden permanecer as persoas enfermas atendidas durante 3 ou 4 días á semana, e isto por un tempo moi limitado como se á enfermidade mental se lle puidese acotar o tempo de intervención e atención. As persoas usuarias ao non poder estar máis tempo neste hospital de día, e de seguir precisando atencións para a súa doenza mental teñen que acudir ao centro de día concertado de Ferrol, centro que non deixa de ser unha entidade privada que recibe subvencións e que cobra uns honorarios aos/as doentes. Isto provoca dificultades para algúns deles, que ven mermada a súa atención por causa de capacidade económica.

Este feito exposto leva consigo que a maioría das familias acollan nas súas casas aos/as enfermos/enfermas mentais, con todo o cariño da familia, pero sen a debida calidade e profesionalidade que precisan. Isto non deixa de ser unha carga excesiva para moitas familias. Vemos como pais e nais de 80 anos, que precisan eles mesmos coidados, se teñen que facer cargo de fillos e/ou fillas con doenzas mentais, resultando isto unha gran carga para estas persoas moi maiores en moitas ocasións.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Sendo coñecedores da existencia dunha poboación cada vez máis numerosa que precisa deste tipo de servizos e tendo unhas instalacións infrautilizadas, poñemos por exemplo o Hospital Novoa Santos, consideramos que poderían ser dotadas de recursos humanos suficientes para dar uns servizos públicos de calidade á poboación con enfermidades mentais.

O Goberno galego anunciou a finais da lexislatura 2012-2016 unha Estratexia galega para a saúde mental, sobre a que non existiron avances coñecidos nin planificación publicada e/ou consensuada coa maioría dos/das profesionais. Nesta estratexia se considera que deberían incluírse as cuestións referidas a instalacións e atención das distintas áreas.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración lle merece á Consellería de Sanidade a actual situación de saturación e dificultade asistencial que se dá no Servizo de Saúde Mental da área sanitaria de Ferrol?
2. Cando ten previsto a Consellería de Sanidade deseñar e poñer en marcha unha estratexia galega para a saúde mental que afronte a realidade necesaria dos servizos de saúde mental de Galicia?
3. Que actuacións se levaron a cabo nos derradeiros 8 anos do goberno do PP no ámbito da saúde mental nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?
4. O incremento da poboación obxecto de atención sanitaria en saúde mental foi acompañado dun incremento de profesionais sanitarios, para a súa correcta atención, e dun incremento de prazas no hospital de día Novoa Santos?

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2017

Asdo.: José Manuel Pérez Seco  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/03/2017 16:50**  
**Nº Rexistro: 6467**  
Data envío: 10/03/2017 16:50:24.299



---

 Grupo Parlamentario

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/03/2017 16:19:19**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/03/2017 16:19:25**

**Julio Torrado Quintela na data 10/03/2017 16:19:33**

**Noela Blanco Rodríguez na data 10/03/2017 16:19:38**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.5 6632(10/POC-001153)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da supresión da praza de cociñeira e a elección do modelo de cátering para o servizo de comidas do Centro de Día de Boiro, o persoal que se está a encargar del na actualidade e as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do anterior sistema de cociña

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Eva Solla Fernández**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

En Boiro, concello de 18.871 habitantes (2016), o Consorcio de Igualdade e Benestar dispón dun Centro de Día con 40 prazas.

Ata datas recentes, o servizo de cociña xestionábase directamente con comida feita na propia cociña pero, recentemente, as persoas usuarias e as súas familias detectaron que se despediu a unha das traballadoras e que se pasou a servir as comidas das persoas maiores mediante o servizo de cátering.

Este cambio fíxose sen informar previamente ás persoas usuarias nin ás súas familias.

As familias das persoas usuarias están descontentas co novo servizo e consideran que, habendo instalacións de cociña, a comida se debe preparar cada día, o que redundaría nunha maior calidade nutricional dos menús e en asegurar un posto de traballo de cociñeiro/a.

Polo exposto, as deputadas que subscriben formulan ao Goberno as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que se prescindiu dunha praza de cociñeira no Centro de Día e se optou polo cátering para o servizo de comidas das persoas usuarias?
- Que persoal se encarga de preparar os menús para as persoas usuarias (colocado, quentado...)?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 11:08  
Nº Rexistro: 6632  
Data envío: 15/03/2017 11:08:42.656



- Ten previsto a Xunta retomar o sistema anterior de cociña, atendendo ás queixas das persoas usuarias e das súas familias?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 15/03/2017 11:06:03**

**Eva Solla Fernández na data 15/03/2017 11:06:08**



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.6 6716(10/POC-001167)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre as medidas e actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para evitar o abuso dos esteroides anabolizantes andróxenos pola poboación galega

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/03/2017 09:30  
Nº Rexistro: 6716  
Data envío: 15/03/2017 18:32:01.803

## A Mesa do Parlamento

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os esteroides anabolizantes androxénicos son sustancias farmacolóxicas susceptibles de uso indebido sen fins terapéuticos para aumentar o rendimento físico ou a masa muscular; as persoas que abusan destes medicamentos presentan un amplo abano de efectos adversos. Estes medicamentos parecen mostrar ademais síndrome de dependencia.

Segundo a bibliografía científica clínica e epidemiolóxica publicada, este abuso non está restrinxido ao deporte de elite, se non que é cada vez máis prevalente na sociedade en xeral, especialmente nas persoas que practican deporte recreacional, advertíndose dun problema de saúde pública e apelando a desenvolver estratexias de prevención nos sistemas públicos de saúde.

Pódese afirmar e xeneralizar que a lo menos o 3% dos homes xoves dos países occidentais consumiron algunha vez esteroides anabolizantes androxénicos con fins de dopaxe nas súas vidas, e que o risco no seu consumo é un 91% maior en persoas que realizan deporte como usuarios de ximnasios.

Un estudo epidemiolóxico que data do ano 2014 dunha universidade noruega, que examina a prevalencia de por vida do abuso destes medicamentos como axentes dopantes na poboación xeral, arroxa o valor medio dun 3,3%, sendo Europa a terceira rexión con maior prevalencia (3,8%) seguida de América del Norte (3,0%).

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/03/2017 09:30  
Nº Rexistro: 6716  
Data envío: 15/03/2017 18:32:01.803

Por todo elo, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Contemplou a Consellería de Sanidade dentro das estratexias para un bo uso e uso responsable de medicamentos medidas de actuación para evitar o abuso de esteroides anabolizantes androxénicos por parte da poboación galega?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 18:22:53**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 18:23:09**

**María Ángeles García Míguez na data 15/03/2017 18:23:44**

**Marta Rodríguez Arias na data 15/03/2017 18:23:56**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 18:24:07**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 18:24:15**

**María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 18:24:23**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 20.04.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.7 7062(10/POC-001220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas irregularidades detectadas nunha residencia para persoas maiores no concello de Pazos de Borbén, e os datos referidos aos expedientes abertos por sobreocupación nos últimos catro anos

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 7062**  
Data envío: 24/03/2017 17:55:15.354

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as irregularidades detectadas na residencia para persoas maiores “Mi Casa”.

A CIG, ven de denunciar as irregularidades detectadas na residencia da terceira idade “Mi Casa” ubicada no concello de Pazos de Borbén, durante unha inspección da consellaría de Política Social.

Denuncian que nesta residencia, titularidade da presidenta provincial de Pontevedra da Asociación de Jóvenes Empresarios, durante unha inspección da Xunta á mesma, procederon a ter agochad@s a persoas maiores, primeiro na lavandería e logo nun galpón durante horas. Que foi obstaculizada a labor de inspección, ata o punto de ter que avisar á Garda Civil para que acudira ao centro, diante da negativa d@s responsábeis da mesma a abrir as dependencias onde estaban @s anciáns. Non é ata que se presenta a Garda Civil que a responsábel da residencia accede a abrir o galpón, atopándose os axentes a cinco maiores e unha auxiliar. Estas persoas estiveron arredor de catro horas en condicións degradantes, a altas temperaturas, sen auga, sen a súa medicación.

Esta residencia privada ten autorizadas 58 prazas, e un concerto coa Xunta para 22 prazas das mesmas. No momento da inspeccións había un total de 63



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 7062**  
Data envío: 24/03/2017 17:55:15.354

usuari@s, cinco máis d@s autorizad@s. Todo parece indicar que proceder a agochar aos anciáns realizouse para que non fora detectada a sobreocupación do centro.

A esta actuación, totalmente condenábel, suman a denuncia dun clima de terror laboral, con ameazas constantes e incumprimentos nas condicións laborais.

Estamos diante dunha actuación moi grave, que constata o risco, xa denunciado tantas veces, de converter a atención @s nos@s maiores en negocio na vez de servizo. É preciso que a administración extreme a vixilancia e actúe con toda contundencia para impedir este tipo de actuacións.

Por todas as razóns expostas, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cal é a opinión do Goberno galego sobre a actuación, por parte d@s responsábeis da residencia “Mi Casa”, para que non fora descuberta a sobreocupación que ven realizando?

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza diante das graves irregularidades na residencia para persoas maiores “Mi Casa” en Pazos de Borbén?

-Vai proceder a abrirlle expediente a esta residencia polos feitos denunciados?

-Cantos casos de sobre-ocupación ten detectado nos catro últimos anos?

-Cantos expedientes se teñen aberto por esta causa?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 7062**  
Data envío: 24/03/2017 17:55:15.354

-Cantas sancións e de que gravidade se teñen imposto?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/03/2017 17:51:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2017 17:52:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2017 17:52:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/03/2017 17:52:15**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2017 17:52:19**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2017 17:55**  
**Nº Rexistro: 7062**

Data envío: 24/03/2017 17:55:15.354

**Ana Pontón Mondelo na data 24/03/2017 17:52:22**